

Leyes, actos, sentencias y propiedad intelectual

C. Rogel Vide (coord.)

Madrid: Fundación AISGE, Editorial Reus, EGAP, 2004

A propiedade intelectual é un tema de actualidade, froito do desenvolvemento dunha sociedade complexa e do auxe das chamadas novas tecnoloxías, que o certo é que cada vez van sendo menos novas. O mesmo aumento, duns anos a esta parte, da bibliografía sobre a propiedade intelectual é unha mostra do interese que esperta esta temática.

A Escola Galega de Administración Pública vén dende hai tempo prestándolle atención ao tema da propiedade intelectual, por medio da organización de diversas xornadas e cursos de formación. Froito dunha destas xornadas (Tui, 22-23 de setembro de 2003) é a publicación que agora comentamos. O tema tivo continuación en setembro de 2004 (*A duración da propiedade intelectual e as obras en dominio público*) e, segundo as nosas noticias, os relatorios destas xornadas tamén serán publicados.

A editorial Reus e a Fundación Aisge (Artistas Intérpretes Sociedad de Gestión) manteñen unha colección dedicada á propiedade intelectual, cun bo número de títulos no seu haber, ao que agora se vén sumar este en coedición coa EGAP.

Esta obra en «colaboración» (empregamos o termo preciso usado pola Lei de propiedade intelectual) está coordinada por C. Rogel Vide e recolle os traballos de diversos expertos no tema. O eixe central do libro é a relación da propiedade intelectual cun tipo concreto de textos: os emanados dos poderes do Estado baixo distintas formas (leis, actos administrativos e sentenzas principalmente, pero tamén os seus respectivos derivados: proxectos, acordos, deliberacións, etc.). Como di Bello Janeiro no prólogo, é unha obra pioneira que cobre un baleiro aberto ata agora. Estes textos non son obxecto de propiedade intelectual e entran expresamente no ámbito de exclusión do artigo 13 da vixente Lei de propiedade intelectual. Pero incluso unha exclusión tan tallante como esta, para un fino xurista e os autores desta obra o son, pode ter os seus matices. Entre eles, calibrar o alcance das restricións e falar de dereitos de autor restrinxidos.

Abre o libro o capítulo de C. Fernández Nóvoa (*Las obras oficiales*) citado como mestre por varios dos coautores. Nóvoa ve con perspicacia que o texto dunha disposición legal ou dunha sentenza por riba de todo é unha «obra», é dicir, unha creación intelectual. Polo mesmo, está en contra da tese de Rodríguez Tapia, que asegura que a protección destes textos oficiais non ten nada que ver coa propiedade intelectual. Nóvoa pensa que a ineludible necesidade de difundir estes textos xustifica, certamente, a exclusión de dereitos patrimoniais de autor, pero non do «dereito moral» do autor.

J.M. Otero Lastres (*Las leyes y sus recopilaciones y anotaciones como objeto de propiedad intelectual*) pregúntase pola razón de que as leis e demais disposicións legais sexan obras consideradas como «non protexibles» polo lexislador e súmase á corrente que fundamenta esta exclusión na presenza dun interese público na máxima difusión destes textos legais. É interesante o capítulo dedicado ás «recompilacións» de disposicións legais, cuxa estrutura particular está protexida pola propiedade intelectual, protección que non pode estenderse en ningún caso ás disposicións seleccionadas. É moi interesante tamén o capítulo dedicado ás «anotacións» e «comentarios» sobre leis e regulamentos. Como no caso das recompilacións, unha das peculiaridades da protección deste tipo de traballos é que a obra sobre a que se realiza, é dicir, a norma legal comentada, non é obxecto de propiedade intelectual.

J.M. de la Cuétara Martínez (*Debates parlamentarios y derechos de autor*) analiza o contexto da obra intelectual dos parlamentarios e, en concreto, a protección dos discursos e alocucións dos parlamentarios como concreción do dereito de autor do parlamentario. Establece un paralelismo entre os discursos dos parlamentarios e as explicacións de cátedra, que entran expresamente no ámbito da protección da propiedade intelectual. O feito de que os discursos estean recollidos no diario de sesións da cámara respectiva, non impide a protección destes como obxecto de propiedade intelectual.

J. Rodríguez-Zapata Pérez (*Actos, acuerdos, deliberaciones y dictámenes de los organismos públicos, asuntos reservados y secretos oficiales*) fala non tanto

da «propiedade» dos textos dos distintos poderes públicos coma da súa publicidade ou segredo, no seu caso. Diferencia o dereito de acceso aos rexistros e documentos do «volcado» da información procedente destes. Interesante cuestión no que se refire aos datos baixo soporte electrónico.

J. de Oliveira Ascensão (*A reutilização de documentos do sector público*) trata sobre o acceso aos documentos producidos polas entidades públicas. Entende por «reutilización» o uso de documentos provenientes do sector público para fins diferentes do inicial de servizo público para o que foron producidos. O autor aquilata os suxeitos e obxectos desta «reutilización».

J. Cadarso Palau (*Escritos e informes forenses, sentencias y propiedad intelectual*) cualifica a propiedade intelectual como dereito de monopolio. Estuda as peculiaridades da protección dos escritos e informes forenses, o alcance desa protección e os seus límites. As sentenzas son inapropiables e quedan excluídas, explicitamente, como obxecto de propiedade intelectual, aínda que ao seu xuízo deberían ter a consideración de bens accesibles ao común dos cidadáns. Observa con perspicacia que unha cousa é que as sentenzas sexan públicas e outra que calquera cidadán poida acceder libremente a elas. O autor conclúe con que o feito de que as sentenzas queden fóra do ámbito da propiedade intelectual, non significa que estean ao alcance de todos os cidadáns, «pese a la Constitución».

A. Jorge Barreiro (*El artículo 13 de la Ley de Propiedad intelectual y los delitos relativos a la propiedad intelectual en el Código penal de 1995*) estuda os delitos sobre a propiedade intelectual no vixente Código penal e fai unha reflexión sobre os límites deste respecto da protección da propiedade intelectual. Estuda o ben xurídico protexido e o obxecto material do delito. Di que tras a entrada en vigor do Código penal de 1995 pódese considerar que este tipo de delitos son delitos patrimoniais, pois na lexislación predomina unha «perspectiva patrimonial» da propiedade intelectual. Fala do plaxio como o atentado máis grave contra a propiedade intelectual. Trata tamén sobre a individualización da responsabilidade penal nos delitos contra a propiedade intelectual. É interesante a reflexión de que nun futuro adquirirán especial protagonismo as persoas xurídicas «respecto de la creación de riesgos jurídicopenalmente relevantes para los bienes jurídicos protegidos», o cal leva á necesidade de desenvolver novas estruturas de imputación no ámbito da propiedade intelectual.

C. Conde-Pumpido Tourón (*Violación de secretos*) analiza a exclusión do ámbito da protección da propiedade intelectual dos textos que emanan dos tres poderes do Estado. Suscita a interesante cuestión da procedencia ou non das citas nas sentenzas. Conclúe con que as citas non son legalmente procedentes nin tampouco necesarias. Ao seu xuízo tampouco son convenientes «porque suplantán la motivación razonada por el argumento de autoridad». Examina o segredo de sumario e a súa protección e os ilícitos resultantes da vulneración do carácter reservado de deliberacións, actos ou informes. Este é un tema de grande actualidade, sobre todo, no referente ao uso indebido do segredo e da

información privilexiada. Pensa o autor que non é fácil precisar o límite entre o dereito dos cidadáns a ser informados e o deber de reserva dos funcionarios. Serán en todo caso os tribunais os que determinen eses límites.

E xa é hora de facer un balance global da obra. Estamos ante un traballo pioneiro e relevante, feito por autores que son especialistas na materia e que toca un tema complexo que afecta, ás veces, a dereitos fundamentais. É certo que o libro ten as carencias habituais das obras feitas por varios autores (falta un índice de materias, un apartado bibliográfico global, etc., etc.), pero, en todo caso, son carencias menores que non inflúen no resultado final que é francamente positivo. Tampouco obstaculiza este resultado o feito de que a maioría dos autores cando falan dos antecedentes históricos non pasan da Lei de propiedade intelectual de 1879 e do seu regulamento de 1880, textos ambos os dous do tempo de Cánovas. Pero a venerable Lei de 1879, vixente nin máis nin menos que ata 1987, tivo antecedentes como a Lei de propiedade literaria e artística de 1847, ou a Lei sobre propiedade de obras literarias de 1823, cunha vixencia duns poucos meses, por non citar outros textos menores, como o Decreto do 10 de xuño de 1813 das Cortes de Cádiz. Poderíase eliminar tamén o ton profesoral que ten algún dos traballos, de conferencia máis ca dun artigo, froito da súa orixe como relatorio oral. A oralidade ten unha dinámica distinta da escrita, e mais nun traballo científico. Pero todo isto dicimos que non obstrúe a valoración final desta obra. Estamos ante un traballo importante que será citado polos que tratan o tema da propiedade intelectual. Estamos tamén ante unha obra reveladora, é dicir, que interpreta non só o presente, senón, o que é máis importante, suxire por onde vai ir o futuro.

Xosé Luís Mínguez Goyanes